

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DE 15 DE MAIO DE 2012

Ás 10.10 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Claustro que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**; xustifican a súa ausencia os sres. Carlos Caetano Vizcaíno Fernández, María Jesús Manso Revilla, Fermín Navarrina Martínez, Sonia Souto Camba, Ana Jesús López Díaz, Ana González Neira, Rosa Mariz Pérez, Jorge Crego Blanco, Alejandro Pazos Sierra e Xosé Ramón Freixeiro Mato.

1. Aprobación, se proceder, das actas das sesións do 16 de abril de 2010, 18 de novembro de 2010 e 25 de marzo de 2011

Tras a comprobación do quórum legal para a realización da sesión, o reitor abre esta,

Jordi Delgado intervén no nome de Alejandro Pazos para solicitar que se anexe o escrito de corrección enviado con data 13 de maio. Intervén o secretario xeral para explicar cales foron os criterios legais de redacción da acta e neste sentido, indica que se incorporará como **anexo III** á acta a transcripción literal das intervencións do profesor Pazos, por ser un dereito legal que lle asiste.

Feitas as anteriores consideracións, apróbanse as actas por asentimento.

2. Memoria do reitor

Toma a palabra o reitor para explicar a particular natureza que este ano adopta a memoria do reitor, que figura como **anexo IV** da presente acta, ao terse producido un cambio no cargo.

O novo reitor tomou posesión o 13 de xaneiro, polo que a defensa da memoria de xestión de 2011 lle correspondería ao anterior reitor. Con todo, tráese esta memoria ao Claustro para propiciar a continuidade da serie de datos incorporadas ás memorias e, sobre todo, o coñecemento da nosa situación, ben como o seu debate pola comunidade universitaria. A continuación, o reitor expón o contido da memoria.

Tras esta exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

En primeiro lugar, intervén Jordi Delgado para agradecer que se presentara a memoria a pesar do cambio de goberno. Porén, considera que se debería someter

a memoria a votación. En relación co seu contido, chama a atención sobre algúns datos. Concretamente, sinala como problemas a baixada do cadro de PDI, a situación de precariedade de certas bolsas de profesorado e o paradoxal aumento do cadro de persoal de PAS (30 efectivos). Solicita saber se seguiremos con esta tendencia no ámbito dos recursos humanos e solicita, tamén, máis esforzo para a captación de proxectos comunitarios. En materia de infraestruturas, apunta a ausencia notable de información ao respecto polo que, igualmente, solicita un maior esforzo neste sentido.

O profesor Luis Castedo bota en falta unha análise máis detallada deses datos achegados, e mesmo a ausencia de datos sobre a construción dos edificios do campus. Solicita información ao respecto, ben como tamén sobre a execución das obras do CITEEC, do parque tecnolóxico (CITIC), a situación da residencia universitaria e dos estudos de Medicina. Tamén pregunta polo aparcamento do campus de Esteiro, a viabilidade do campus de Serantes, e a cafetería do campus de Oza. Pregunta, finalmente, que vai pasar coa continuidade do PDI, coa súa masa salarial e co persoal contratado do capítulo VI.

O representante do PAS, Xosé Portela, di que non lle parece axeitado que a memoria sexa aprobada pola Mesa. Condena que non se propuxera a negociación dunha RPT de PAS durante o ano 2011, así como a privatización das funcións do PAS mediante a externalización de servizos. Remata afirmando que se houbese que votar a memoria, el votaría en contra.

O profesor Anxo Calvo parabeniza o reitor pola presentación da memoria no Claustro, que cualifica como un anuario estatístico que fotografa de xeito obxectivo a situación da Universidade. Chama a atención sobre a necesaria internacionalización da nosa universidade, que haberá que mellorar no futuro, xunto coa mellora nos indicadores da investigación e da transferencia. Considera prudente, para rematar, non ter introducido valoracións no texto da memoria.

O reitor toma a palabra de novo para subliñar que se evitou valorar a xestión do anterior equipo, razón pola cal se presenta a memoria como un conxunto de datos obxectivos, de indicadores da nosa situación e da nosa evolución no tempo, e agradece as valoracións realizadas polos anteriores intervinientes.

O reitor debrúzase a continuación sobre algúns temas:

Comeza pola situación do profesorado e as peculiaridades das nosas figuras de profesores interinos de substitución, utilizadas para solucionar o solapamento dos plans de estudo e de profesorado asociado por período non superior a seis meses para os mestrados, deféndese a continuidade da política de promoción de profesorado até o nivel de profesor doutor permanente mentres sexa legal e insiste en que o grao de intervencionismo da Xunta de Galicia en materia de gasto de persoal está sendo moi elevado.

Canto ás infraestruturas, indica que se está a tramitar conxuntamente co Concello da Coruña a obtención das licenzas e a reformulación do plan parcial mediante a actual tramitación do Plan xeral de ordenación municipal, polo que se agarda que canto antes a situación poida estar solucionada.

Comenta a situación do recorte dos fondos de investigación e o correlativo esforzo que temos que facer para ter éxito na captación de fondos comunitarios, dado que os indicadores relevantes para o financiamento público da Xunta priman as actividades de investigación en detrimento da docencia.

Refírese á paralización unilateral da obra do CITEEC por parte de Aldesa; durante os últimos meses desenvolvéronse negociacións para rescindir de mutuo acordo do contrato, mais parece que as pretensións económicas da empresa seguen a ser excesivas. A situación dos anticipos reembolsables do Ministerio depende do cofinanciamento do 30% dos fondos FEDER e ocorre que o Ministerio está desenvolvendo unha exhaustiva revisión das xustificacións dos proxectos para lograr ingresar diñeiro por reintegros.

A situación da residencia universitaria está pendente dunha proposta de concesión de obra por parte da consellaría competente, que aínda non se produciu; está tamén desenvolvéndose unha xestión co Concello de Ferrol para habilitar unha parcela como aparcamento no campus de Esteiro; a cafetería do campus de Oza foi xa adxudicada.

Canto ás cuestións de persoal, xa se puxo enriba da mesa unha nova proposta de RPT de persoal laboral e estase a traballar nunha proposta de funcionarización dese persoal.

O reitor pecha o punto agradecendo a todos as súas intervencións.

3. Informe de xestión do valedor universitario

O reitor cédelle a palabra ao profesor Enrique Martínez Ansemil para que expoña a súa memoria de xestión, que se achegou coa documentación da sesión e que figura como **anexo V** da presente acta.

O valedor universitario presenta a súa memoria anual, que abrangue desde o 1 de xaneiro de 2010 ao mes de agosto de 2011, e aproveita para reflexionar sobre os aspectos máis salientables que, ao seu xuízo, permitirían mellorar a nosa resposta aos problemas que se suscitaron na vida universitaria. Anuncia que a súa vindeira memoria abranguerá o ano académico (setembro-agosto), por ser este formato común noutras universidades.

Tras a súa exposición, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado agradece ao valedor a presentación da memoria e fai notar a transición ao novo valedor na calidade e cantidade dos datos da memoria. Propón que este asuma un maior papel na diagnose das situacións, actuando proactivamente cando a situación así o requira, e pide máis información sobre as actuacións de oficio levadas a cabo. Considera que nalgúns casos o valedor actúa como correa de transmisión da información administrativa. Na contestación á reclamación dun claustro sobre o procedemento de elección do valedor, considera que o valedor se excede nas súas apreciacións sobre o papel da Mesa.

O valedor replica que este ano 2011 levou a cabo unha actuación de oficio (relativa á residencia universitaria) e que a súa intención é, precisamente, non ser correa de transmisión, senón órgano activo, mais sempre respectando a actuación dos órganos competentes cando á súa vez están exercendo as súas competencias.

Andrés de Blas, tras manifestar o seu respecto persoal e profesional a Enrique Martínez Ansemil, considera que o valedor non é idóneo para ocupar o cargo, pois a contestación á súa queixa sobre o seu procedemento de nomeamento corrobóralle que non é unha persoa independente nin neutral.

David Pereiro, representantes dos estudantes de Arquitectura (Comités), agradece a valoración do valedor sobre o tema das cualificacións excesivamente duras, que no caso do seu centro son frecuentes. Considera, no entanto, que o valedor é un órgano de segunda instancia e que debe facerse unha campaña de información aos estudantes sobre que dereitos teñen estes, e como exercelos, antes de acudir ao valedor.

O valedor replica conxuntamente ás dúas últimas intervencións, as cales agradece, e anuncia a súa intención de facer unha maior difusión das súas funcións, ao tempo que se pon ao servizo da comunidade universitaria para seguir mellorando, desde a súa posición, o funcionamento da institución.

Tras a réplica, o reitor dá por pechado este punto.

4. Declaración institucional da Universidade en apoio da universidade pública

O reitor expón que os acontecementos producidos nos últimos días a partir da aprobación e publicación no BOE do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, fixeron que o equipo de goberno considerase preciso introducir un punto neste claustro para defender a universidade pública, e en especial a declaración do Claustro do 17 de abril de 2008 en contra da suba das taxas universitarias.

O borrador de declaración fíxose no seo da Mesa do Claustro e tamén se enviou aos candidatos a reitor do último proceso electoral. Na Mesa do Claustro do 14 de maio elaborouse un documento de síntese, modificado esta mesma mañá para

incluír novas alegacións que chegaron onte mesmo á tarde, de xeito que se recolla na declaración todas as sensibilidades da Universidade da Coruña.

O reitor explica que hai un principio de acordo entre os reitores e a Consellaría de Educación para lograr que na comunidade autónoma galega o Real decreto-lei 14/2012 teña o menor impacto posible, en especial nun eventual acrecentamento das taxas. No seo da CRUE tense manifestado o malestar do conxunto de universidades pola aprobación de modificacións de tanto calado sen que estas pasasen polo Consello de Universidades, como é preceptivo. Por esa razón, os reitores solicitaronlle ao ministro incluír un punto na orde do día do vindeiro Consello de Universidades, previsto para o día 23 de maio. A declaración busca apoiar o reitor nestas reunións e por iso se procura que saia aprobada por consenso de todos co fin de que teña máis forza política.

O secretario xeral le o texto da declaración, consensuado durante a mañá pola Mesa do Claustro, e o reitor sométeo ao debate do Claustro.

O profesor Jordi Delgado solicita expor o texto na pantalla para a súa lectura. A súa valoración xeral do texto é positiva, mais comenta certos aspectos que poden ser máis testemuñais, caso da nosa oposición á suba de taxas. Sinala que o tema da permanencia nos estudos deberá abordarse, aínda que sexa incómodo, e que a suba das taxas de xeito desigual nas universidades españolas abre unha situación de incerteza.

O profesor Luís Castedo está de acordo coa declaración institucional e anuncia o seu apoio, aínda que considera preciso facer algunhas consideracións máis prácticas sobre a súa utilidade: pedir a conxelación pode ser unha petición de principio pouco realista na práctica, dado que temos que acatar o decreto de taxas que veña da Xunta. O mesmo pasa coa dedicación docente. O profesor Castedo opina que os ataques á universidade pública xa se poden constatar, polo menos, desde o ano 2005. Sinala, así, a implantación do espazo europeo de ensino superior, o cambio de ministros, o cambio normativo constante, a baixada de salarios do ano 2010 etc. Aplauda, no entanto, a procura de entendemento institucional, malia considerar que o reitor non se ten caracterizado por buscar tal entendemento. Por último, sinala que o estado da universidade pública non é tan malo, pois das 150 primeiras universidades do “ranking de Shangai”, 120 son públicas. O debate non é público ou privado, senón a sostibilidade do noso modelo de universidade pública actual en España, en especial no que ten a ver co financiamento e o noso modelo de goberno.

O profesor Antonio Izquierdo reflexiona que o cambio no modelo universitario se vén producindo desde a propia LRU. Atácase a Universidade –e así se pon de manifesto nas declaracións do ministro de Educación– porque hai un excesivo fracaso universitario; porque hai absentismo. Mais considera que esta suposta explicación é cínica. As motivacións dos estudantes cambiaron porque se

penaliza a titulación universitaria para encontrar emprego. A nosa universidade produce moita clase media, mais a nosa economía, non. Hai un ataque á universidade pública e tamén á universidade democrática. É o mercado de traballo o que non dá a talla. O paro non é problema da Universidade, de aí que se pretenda converter a docencia universitaria en formación profesional. Con todo, malia dar o seu apoio á declaración, o profesor Izquierdo considera que debería falarse de como se produciu a implantación de Boloña nesta universidade nunha reunión monográfica do Claustro; das liñas estratéxicas da investigación que desenvolvamos desde esta Universidade; ou da liña estratéxica de internacionalización da nosa docencia.

Teresa López considera que as intervencións anteriores son unha necesaria reflexión sobre o momento crucial que atravesamos a universidade. Desde diferentes puntos de vista, estamos todos de acordo na necesidade de debater e chegar a consensos no fundamental. A declaración tenta recoller eses consensos nun momento como o actual, en especial mantendo claros os criterios de salvagardar un acceso á universidade sen discriminacións económicas. Respecto das reflexións estratéxicas, considera que o instrumento idóneo é o Plan estratéxico que remata este ano, e que deberá abordarse proximamente á vista dos indicadores previstos no actual plan. Remata insistindo na conveniencia de que a nosa voz diante da opinión pública sexa única, polo que pide o apoio á declaración.

Ana Barxa Cid, en representación dos Comités, maniféstase en contra da normativa de permanencia que reclama o profesor Jordi Delgado e apoia o texto da declaración en defensa da universidade pública, ante o que considera a maior agresión ao ensino público da historia.

Tras unha reflexión sobre o posicionamento das universidades respecto da suba das taxas académicas e a importancia de as manter baixas para lograr o acceso socialmente igualitario ao ensino superior nun momento de forte recesión económica, o reitor agradece as súas intervencións ao claustro, ademais do seu apoio.

A declaración apróbase por unanimidade e figura como **anexo VI** da presente acta.

5. Quenda aberta de intervencións

O reitor dá comezo á quenda aberta de intervencións

Amelia Fraga Mosquera, representante de estudantes (IESGA), chama a atención sobre as materias “tapón”, que dificultan a progresión nos estudos, e subliña a necesidade de superar as circunstancias que provocan estas situacións. Tamén

comenta que os eucaliptos da Zapateira están incumprindo as cautelas previstas na Lei de medidas contra incendios.

Ernesto Vázquez Farto, estudante da Facultade de Dereito, pregunta pola denuncia presentada por rede sobre o comportamento do profesor Domingo Bello, que vendeu libros seus aos estudantes. Solicita tamén un cuarto prazo para o pagamento das matrículas.

Brais Arias solicita que se eliminen as barreiras arquitectónicas que hai nos campus e que se abran as instalacións deportivas pola mañá. Pregunta que se vai facer coa oficina de sóftware libre e solicita un compromiso real do equipo de goberno co sóftware libre.

Jorge Enriquez denuncia o mal funcionamento da ORI. Cada vez hai máis queixas dos estudantes contra o seu funcionamento (mala información, burocracia...), polo que solicita unha actuación clara neste ámbito.

Severino Salgueiro solicita que o equipo reitoral convoque un claustro no primeiro cuadrimestre do vindeiro curso.

Zeltia Méndez, en representación dos Comités, denuncia a realización de rexistros policiais no ámbito do campus, e pide explicacións. Tamén denuncia a creación de ficheiros de videovixilancia no campus.

David Pereiro denuncia os abusos que se producen no ámbito das prácticas profesionais externas. Solicita que os convenios regulen sistemas de calidade e os pagamentos do desprazamento dos estudantes. Sobre o debate da implantación do EEES, considera que é un asunto crucial.

Luis Castedo refírese á baixada de fondos de investigación e dos programas de formación de persoal investigador. Pregunta cal é a política do equipo de goberno no mantemento dunha investigación de calidade.

Marcos López menciona tamén o comportamento, ao seu entender, gravísimo, do profesor Bello Janeiro de vender aos estudantes unha monografía (obsoleta) da súa autoría por un prezo superior ao do mercado. Este comportamento foi denunciado na xunta de facultade do 23 de febreiro de 2012; solicita saber se o equipo reitoral vai facer algo para atallar este tipo de situacións.

Xosé Lois Martínez considera que no último ano se produciron temas gravísimos en materia de infraestruturas universitarias. A Xunta de Galicia paralizou unilateralmente o proxecto de construción da residencia universitaria, previsto en 24 millóns de euros, que estaban xa financiados. Esta decisión unilateral provoca a inexistencia dunha infraestructura fundamental para a nosa universidade, coa que se propiciaría a igualdade social e a internacionalización da nosa oferta

docente. Critica a falta de contestación por parte da Universidade á denuncia dos medios de comunicación das prácticas urbanísticas de xestión das instalacións da Universidade. Sostén que desde o ano 1990 non se concederon licenzas para os edificios do ámbito do Plan parcial de Elviña, como se pode comprobar doadamente. Explícalle ao claustro as razóns da inexistencia de licenzas, que vincula á desidia política dos responsables municipais e aos fortes intereses de promotores privados. O campus de Elviña é un activo urbanístico tóxico por falta de desenvolvemento expropiatorio desde as administracións territoriais (Xunta e Concello), e esa situación era coñecida por todas as institucións implicadas, que miraban sistematicamente para outro lado cando concedían fondos e axudas para a construción de edificios. Segundo o profesor Martínez, no ano 2005 e 2006, o reitor e a xerencia presentaron cadanseu documento no Concello para modificar puntualmente o Plan parcial. Tamén subliña a importancia da área residencial pública para evitar a infravivenda e a explotación dos nosos estudantes polo poderoso sector inmobiliario privado, que se opuxo de xeito frontal á construción da nosa residencia universitaria. Agarda que o reitor non ceda a xestión privada da residencia aos empresarios do sector.

Verónica Fernández-Villarrenaga solicita que, para facer investigación de calidade é preciso evitar a precariedade laboral do persoal que traballa nos SAI (5 fixos, 17 interinos e un colectivo de tres persoas dedicadas á xestión administrativa e outras tres persoas técnicos superiores contratadas por proxectos). As persoas con contrato temporal van rematar o seu contrato e, se non se renovan, non vai ser posible unha investigación de calidade, polo que se debe intentar resolver esta situación mediante a súa estabilización como PAS laboral.

Alejandro Castro sinala que hai un límite no regulamento de bolsas que impide solicitar máis de tres bolsas de colaboración. O límite temporal para beneficiarse destas bolsas é de 12 meses. Solicita que estes límites se eleven. Así mesmo, nas bases das bolsas do Banco Santander fálase de transparencia, pero considera que o proceso de adxudicación non cumpriu esa transferencia. Pide saber que vai pasar coa residencia universitaria de Ferrol. Finalmente, denuncia o mal servizo de transporte municipal en Ferrol.

O reitor contesta as intervencións.

Respecto das materias tapón, fíxose un esforzo co regulamento de avaliación por compensación. Coa nova estrutura dos graos, os grupos son máis reducidos e a avaliación é máis continuada, co cal é de esperar que se mellore o rendemento académico dos estudantes a medida que se implanten os graos. Con todo, tratarase de afondar neste tema mediante os sistemas de calidade que se recollen nas memorias das titulacións. Respecto dos eucaliptos, fíxose unha tala selectiva no seu día, mais toma nota.

Respecto da denuncia do comportamento do profesor Domingo Bello, o decanato trasladou á Reitoría o seu coñecemento dos feitos, e procedeuse a abrir dilixencias informativas.

O reitor valora positivamente o fraccionamento dos pagamentos de matrícula, dada a situación de crise que atravesan as familias. A accesibilidade aos centros é unha das prioridades dos investimentos do presente exercicio económico. Toma nota da solicitude de ampliación de horario das instalacións deportivas. Respecto da Oficina de Sólftware Libre, o reitor engade que se fixo un esforzo moi importante, mais os fondos autonómicos que financiaban as actuacións desapareceron. Respecto dos problemas da ORI, o reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, quen informa sobre as liñas de mellora que se van desenvolver neste ámbito (unificación de procedementos, maior atención á mobilidade etc.), ao tempo que se pon ao servizo de quen teña queixas para mellorar a nosa actividade.

O reitor anuncia a súa intención de convocar dous claustros anuais.

Verbo dos rexistros policiais, o equipo reitoral manifesta tamén a súa preocupación. Estase a solicitar información da Delegación do Goberno.

Sobre as cámaras de videovixilancia, o reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen expón que en abril se procedeu a dar de alta os ficheiros de videovixilancia das cámaras de seguridade dos centros, para garantir o dereito de acceso, rectificación e cancelación de todos os usuarios, ben como a aplicación da normativa de toma e cancelación de imaxes.

Respecto da caída de fondos de investigación, o reitor lamenta tal caída, e lembra que vai haber que orientarse no futuro á captación de recursos comunitarios. O reitor lamenta tamén a supresión da construción da área residencial por parte da Xunta e lembra que, nunha entrevista persoal, o presidente da Xunta lle notificou que non se ían investir tantos cartos nunha área residencial. A posición da UDC sobre a residencia universitaria foi obxecto dunha declaración do Consello de Goberno no ano 2011, a cal segue sendo vixente.

O reitor comparte as queixas contra a precariedade da investigación. Hai un déficit de persoal de administración e servizos, mais no actual contexto é imposible aumentar o cadro de persoal, e hai que priorizar os recursos dispoñibles, que é o que se fai cando se negocia a RPT.

Os límites temporais previstos no regulamento de bolsas de 2007 adáptanse aos marcos legais e tratan de evitar pasadas actuacións iniciadas contra a Universidade pola Inspección de Traballo. Está traballando persoalmente coa alcaldía de Ferrol para solucionar o tema da residencia universitaria nesa cidade, porque non se dá cedido o cuartel Sánchez Aguilera, quizais porque é moi

suculento desde o punto de vista urbanístico. Tamén se lle formulou ao alcalde de Ferrol o problema de conexión entre os campus ferroláns, mais o alcalde manifestou que non podían atender economicamente a ampliación do servizo.

Finalizada a réplica, e tras agradecer a todas as persoas asistentes a súa participación, o presidente remata a sesión ás 14.30 horas.

De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito